

Lingua 3º / Unidade 9 / Relatamos unha viaxe

Actividade 1

Enunciado: Acaba esta historia coas túas propias palabras.

Onte quedamos na biblioteca do concello para facer o traballo de Matemáticas. Ao dar o reloxo as 17.00 os libros dos andeis comezaron a...

Solución

Resposta libre. Cómpre que se escriban sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Valora a importancia das bibliotecas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.


Competencias sociais e cívicas.

Actividade 2

Enunciado: Une cada lugar co xentilicio que lle corresponde.

Galicia	español
Madrid	celanovés
España	ferrolán
Lugo	madrileño
Ferrol	redondelán
Vigo	lucense
A Coruña	galego
Celanova	vigués
Redondela	coruñés

Solución



Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Realiza o que se solicita e comete ata cinco erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1 Coñece o concepto de xentilicio.

Competencias clave

Competencias sociais e cívicas.

Competencia en comunicación lingüística.

Actividade 3

Enunciado: Escribe os xentilicios dos seguintes lugares.

Trives: _____ Santiago de Compostela: _____

Ourense: _____ Pontevedra: _____

Francia: _____ Baiona: _____

Solución

Trives: **trivés, trivesa** Santiago de Compostela: **santiagués, santiaguesa; compostelán, compostelá**

Ourense: **ourensán, ourensá** Pontevedra: **pontevedrés, pontevedresa**

Francia: **francés, francesa** Baiona: **baionés, baionesa**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata catro erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Forma o xentilicio dos principais vilas galegas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 4

Enunciado: Subliña as palabras que sexan verbos e di de que conxugación son.

saltar	nocello	amarelo
albiscar	partir	beber
xeonllo	facer	dicir

Solución

Saltar (1.^a), albiscar (1.^a), partir (3.^a), beber (1.^a), facer e dicir (3.^a).

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.. Identifica verbos e clasificalos segundo a súa conxugación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia

dixital.

Actividade 5

Enunciado: Subliña os verbos e clasifícaos segundo o seu número e persoa.

- Unha mañá, mentres eu andaba polo peirao, apareceu a Rafael na súa barca.
- O meu gato e o meu can dormen xuntos nunha cesta.
- Eu escribín unha carta a Xiana para que viñese de vacacións.
- Papá e mais eu fomos ao cine.
- Comes aquí todos os días?
- Vós vivides naquela casa.

	1. ^a persoa	2. ^a persoa	3. ^a persoa
singular			
plural			

Solución

- Unha mañá, mentres eu **andaba** polo peirao, **apareceu** a Rafael na súa barca.
- O meu gato e o meu can **dormen** xuntos nunha cesta.
- Eu **escribín** unha carta a Xiana para que **viñesen** todos de vacacións.
- Papá e mais eu **fomos** ao cine.
- **Comes** aquí todos os días?
- Vós **vivides** naquela casa.

	1. ^a persoa	2. ^a persoa	3. ^a persoa
singular	andaba, escribín	comes	apareceu
plural	fomos	vivides	dormen, viñesen

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Realiza o que se solicita e comete ata cinco erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Clasifica formas verbais segundo o seu número e persoa.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Competencia

dixital.

Actividade 6

Enunciado: Completa as oracións con **aí**, **hai**, **ai**!

- ____ unhas pegas comendo as cereixas na árbore.
- ____ como me doen as moas.
- Na adega ____ metidos catro gatos.
- Os zapatos están _____, no zapateiro.

Solución

- **Hai** unhas pegas comendo as cereixas na árbore.
- **Ai**, como me doen as moas.
- Na adega **hai** metidos catro gatos.
- Os zapatos están **aí**, no zapateiro.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita e comete un erro.	Escribe o que se solicita e comete ata dous.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Diferencia o uso de hai, aí e ai!

Competencias clave

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Competencia en comunicación lingüística.

Actividade 7

Enunciado: Escribe unha oración con cada unha destas palabras **aí, hai, ai!**

- _____
- _____
- _____

Solución

As oracións son de resposta libre. Cómpre que as escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Diferencia o uso de hai, aí e ai!

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Actividade 8

Enunciado: Imaxina que acabas de chegar dunha viaxe dalgún sitio ao que sempre quixeches ir. Conta o que fixeches e como o pasaches.

Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

1.1. Relata unha viaxe.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 9

Enunciado: Elixo e completa.

Escribe un texto para un anuncio publicitario dunhas zapatilla con rodas.



Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Recoñece as características dos anuncios. Crea un anuncio.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 10

Enunciado: Contesta con verdadeiro (V) ou falso (F). Escribe ben as falsas.

- O mito é unha historia real.
- No mito relátanse uns feitos comúns.
- Os personaxes son seres extraordinarios.

Solución

- O mito é unha historia real. **F. O mito é unha historia inventada.**
- No mito relátanse uns feitos comúns. **F. No mito relátanse uns feitos fantásticos.**
- Os personaxes son seres extraordinarios. **V**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

12.1. Coñece as características do mito

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.